



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2018/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación inicial do orzamento municipal 2018»
Data	17 de abril de 2018
Duración	Desde as 20:03 ata as 21:07 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO
Interventor	SERGIO CURRA MOREIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGOS SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGOS	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ



Concello de Cangas

78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1737/2018. Aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2018.

Favorable

Tipo de votación:

Ordinaria

A favor: 11, En contra: 10,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 12.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, presentada o día 09.04.2018, relativa a aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2018, que é como segue:

“Formado o Orzamento deste Concello correspondente ao exercicio económico de 2018, así como as súas Bases de execución e cadro de persoal que comprende todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, e no artigo 18 do Real Decreto 500/1990.

Visto o informe de Intervención ao orzamento, de cumprimento do plan de axuste en vigor, e de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Visto o informe económico-financeiro do Concelleiro de Facenda incorporado ao expediente.

Visto o informe de Secretaría sobre o procedemento e a lexislación aplicable.

Concello de Cangas



Visto que de acordo co artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira o Concello deberá aprobar o límite máximo de gasto non financeiro, coherente coa regra de gasto e co obxectivo de estabilidade orzamentaria, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos.

En consonancia co anterior, dado que a día de hoxe non consta que o Estado aprobase o límite de gasto non financeiro a aprobar polas Entidades Locais, óptase por aprobar provisionalmente un límite de gasto non financeiro acorde co orzamento a aprobar. Así, tómase o gasto computable previsto de acordo cos parámetros relativos ao cálculo da regra de gasto, engadindo os gastos subvencionados por outras administracións e o importe dos gastos do capítulo III, obtendo un límite de gasto non financeiro de 14.448.110,56 euros.

En consoancia co anterior, o Pleno municipal acorda:

Primeiro: Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2018, e determinalo na contía de 14.448.110,56 euros, de acordo co prescrito no artigo 30 e concordantes da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en tanto non se aprrobe e publique polo Estado o límite de gasto non financeiro para 2018.

Segundo: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2018, que importa a cantidade de 16.523.734,71 euros, presentándose equilibrado, de acordo co seguinte resumo por Capítulos

CAPITULO	PREVISIÓNS INICIAIS 2018	CRÉDITOS INICIAIS 2018
1	6.194.900,00	7.468.088,69
2	330.000,00	4.257.958,81
3	1.363.742,40	157.256,13
4	8.319.165,83	1.260.323,85
5	130.250,00	0,00
TOTAL CORRENTE	16.338.058,23	13.143.627,48
6	0,00	1.094.283,08
7	182.676,48	210.200,00
TOTAL CAPITAL	182.676,48	1.304.483,08
8	3.000,00	30.000,00
9	0,00	2.045.624,15
TOTAL FINANCIEROS	3.000,00	2.075.624,15
TOTAL ORZAMENTO	16.523.734,71	16.523.734,71

Terceiro: Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral



Cuarto: Someter dito acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 15 días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar alegacións.

Quinto: Transcorrido este prazo sen presentación de reclamación ningunha, considérase definitivamente aprobado dito orzamento; de habelas, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas e proceder á aprobación definitiva dos Orzamentos.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Abalo Costa: explica as liñas fundamentais dos orzamentos, indicando que hai un crecemento con respecto ao ano 2017. Lembra a situación económica tan complicada coa que iniciaron o goberno no ano 2015. Sinala que as diferentes áreas conforme aos seus criterios de funcionamento, teñen garantizada a cobertura das súas necesidades principais. Estánse a cumprir os parámetros económicos que marca o Ministerio de Facenda, fai referencia ás cifras do remanente municipal. Realiza unha comparativa do estado da débeda municipal respecto aos anos anteriores e indica que o cumprimento do Plan de Axustes é rigoroso, igual que o período medio de pagamento.

Explica o procedemento de aprobación do orzamento. Sinala que o obxecto do concello é poder utilizar o superávit para que haxa unha maior capacidade inversora. Pide aos grupos que fagan propostas para enriquecer o orzamento en positivo.

Sr. Gestido Porto: considera que a presente sesión plenaria é para facer un paripé e se celebra un día en que os veciños non teñen coñecemento da súa realización. Non entende a forma de presentar estes orzamentos. Lembra que o concelleiro de facenda non asistiu á Comisión Informativa e que os orzamentos se entregaron con pouca antelación.

Despois desta forma de tramitar o expediente non cre que o goberno teña verdadeira disposición de que a oposición faga propostas.

Indica que a Lei de Transparencia pide que se realice unha planificación que para o Concello de Cangas parece ciencia ficción.

Di que non aprobará os orzamento, xa que apenas tivo tempo de miralos.

Sr. Iglesias Santos: di que protagonistas do orzamento son en canto a gastos o goberno municipal e en canto ao ingresos os cidadáns de Cangas. Fai referencia a certas dificultades respecto aos orzamentos dos anos anteriores. Lembra as cargas para os cidadáns que supoñen o IBI o e IVTM, que permiten o superávit do que fala o concelleiro de Facenda.

Indica que reclamou en moitas ocasións a planificación das diferentes concellerías con carácter



anual, e ningún concelleiro facilitou tal información.

Bota en falta saber en que se gastan os cartos dos veciños de Cangas, algo que a oposición descoñece. Tamén cre necesario que cada concelleiro explique anualmente o labor desenvolvido dentro da súa área e non se fai. Sinala que en termos económicos estamos igual que o ano pasado e non se ten claro a qué se dedican os cartos.

Afirma que unha parte importante do orzamento vai dedicado a servizos, pero a información sobre estes queda bastante coxa.

Sr. Millán Blanco: critica a data do Pleno, xa que na Xunta de voceiros acordaron a realización o día 13 de abril e enteráronse pola prensa do cambio de data.

Non cre lóxico que na comisión informativa non estiveron presentes nin o Sr. Alcalde nin o Concelleiro de Facenda e pide que en vindeiras ocasións asistan.

Considera que a defensa do documento polo Sr. Abalo estivo baseado en atacar á oposición, en vez de basearse en informar qué destino tiñan os cartos.

Por primeira vez os ingresos van superar, gracias aos impostos, á participación nos ingresos do Estado e iso se debe principalmente ao incremento do IBI.

O gasto corrente no ano 2014 implicou 2,8 millóns de euros, o ano 2017, 4,7 millóns de euros, máis de 2 millóns de euros por prestar os memos servizos, sen mellorar a calidade nin a eficacia. Este ano a cifra é de 4,25 millóns e está claro que tal cifra será insuficiente. Este é un prexuízo que queda encuberto polo incremento da recadación do IBI.

Fai referencia aos cartos que se lle deben a Sogama. Indica que se está a incumprir a data de aprobación da liquidación orzamentaria.

Por qué suben as aportacións aos grupos municipais?

En materia de educación e deporte descenden os dous conceptos. Respecto das festas pregunta cando remataron de entrar facturas por obrigas adquiridas no ano 2017 polas festas de Cangas. Reitera que as súas críticas se deben a que lles interesa cumprir coa súa obriga de controlar e fiscalizar o gasto, que se está a descontrolar de forma exorbitada. Sinala que votarán en contra.

Sr. Alcalde: indica que o pleno se realiza hoxe porque é un pleno extraordinario. Explica que o concello non subiu ningún imposto, a cuestión do IBI resulta dunha revisión catastral que non depende do concello. Indica que os grupos teñen acceso á documentación municipal que



queiran consultar, pero para iso teñen que solicitalo.

Aclara que a fixación da data do Pleno se fixo nunha Xunta de Voceiros que non asistiron membros do PP, porque non quixeron, aplazouse a data inicial para dar tempo a preparar e remitir os expedientes.

Indica que a documentación se remitiu no prazo esixido pola Lei e así o corroborou a Sra. Secretaria.

A partida dos gastos dos grupos do goberno non se modificou, o aumento débese a que determinados eventos, coma os gasto do evento de defensa da Vila, incluíuse na partida da Alcaldía porque son eventos que non corresponden estrictamente a ningunha concellería.

Sr. Abalo Costa: considera que é difícil acercar posicións tendo en conta a postura de moitos membros da oposición. Fai referencia á política do Sr. Montoro e tamén á regularización catastral que permitiu dar de alta vivendas, chalets ou piscinas que non tributaban. Lembra que a soberanía dos concellos cada vez está máis dinamitada e aboga por loitar pola maior autonomía das facendas locais.

Explica a problemática de Sogama, que demostra que non se ten interese desde o Estado e a Comunidade Autónoma por unha verdadeira política medioambiental.

Sr. Gestido Porto: di que non ten claro se isto é un pleno de orzamentos porque non se está a debater verdadeiramente do documento económico. Considera que non serve traer un orzamento con este importe se despois fan o que queren e gastán moi por riba do presupostado, coma aconteceu por exemplo o ano pasado coa partida das festas. Cre que este documento é un engano para os veciños de Cangas.

Sr. Iglesias Santos: di que o orzamento chega con seis meses de retraso. Hai unha serie de partidas que non son orixinadas directamente por este goberno municipal, coma é o IBI, pero que o actual goberno non soubo atallar. Respecto aos recibos da auga, o contrato ven do goberno anterior, pero o actual goberno si o utilizou electoralmente e a data de hoxe aínda non cambiaron nada e tampouco se facilitou documentación ningunha á oposición respecto ás negociacións ou informes realizados ao respecto. Indica que a resolución do contrato do ciclo da auga pode implicar un enorme gasto en indemnizacións, pero o orzamento non plantexa ningunha partida para continxencias como pode ser esta, a UA n.º 19, a sentenza sobre a rúa Noria ou sobre o ximnasio da rúa Atranco.

Respecto á Mancomunidade, fai tempo chamou a atención sobre a necesidade de adoptar medidas respecto da xestión do servizo unha vez que finalice a actual prórroga contractual.

Sr. Alcalde : aclara que todavía non se iniciou tal prórroga.



Sr. Iglesias Santos: pide que se dean explicacións respecto ao gasto municipal, de forma que ademais sexa comprensible para a cidadanía.

Indica que se levan gastados 90.000 euros no PXOM, cando está claro que non vai a ningures.

Respecto da UTE, cre que é esencial ter un verdadeiro Plan de inversións e di que está a favor de que o goberno chegue a acordos coa concesionaria a auga que evite chegar a un contencioso, incluso el falou de qué se podía facer para apretar á UTE, pero parece que nada se fixo.

Sinala que esperaba información sobre a xestión das diferentes concellerías, sobre canto se gastou e en qué se gastou, pero esa información a día de hoxe non se facilitou.

Sr. Millán Blanco: repite que o Sr. Alcalde falou sempre de realizar o pleno o día 13 e non o 17 de abril. Sinala que a documentación que solicitan lle é entregada con meses de retraso.

Considera que se os servizos teñen un custo máis alto deberían gañar tamén en eficacia.

Sinala que o gasto corrente é o necesario para prestar os servizos necesarios para a cidadanía. Como entón se gastan 2 millóns de euros máis nos mesmos servizos que xa se viñán prestando?

Considera que o Plan de Axustes baséase nunhas premisas moi básicas: non se pode gastar máis do que se ingresa. Lembra o que aconteceu co orzamento do ano 2008, en que se gastou moi por riba do que se ingresou, chegándose a un remanente de positivo a negativo de 17 millón de euros, e por iso chegou o Plan de Axustes, que permitiu pagar a débeda cos provedores.

Indica que a regularización catastral foi decisión do Ministerio de Facenda e da Dirección Xeral do Catastro. Lembra que eles pediron o ano pasado a rebaixa do tipo impositivo con base no incremento da recadación do IBI nos últimos catro anos e o goberno municipal non o aprobou.

Considera que é posible dar os mesmos servizos a menor custo, por exemplo se non se tivese perdido subvencións.

Cre que están a crear un hábito co gasto corrente que pode ter consecuencias negativas.

Sr. Abalo Costas: sinala que o concello ten capacidade para xerar superávit e ao haber maiores ingresos tamén hai maiores gastos. Cre que falar dos importes da indemnización que lle haberá que pagar á concesionaria da auga, parece unha postura a favor da empresa. Lembra que a



Concello de Cangas

oposición non aportou ningunha idea positiva para resolver a situación que se presenta coa concesión da auga.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN).

Votos en contra: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente de aprobación inicial do orzamento do Concello de Cangas 2018.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850